

## VI. ANUNCIOS

### B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### CONCELLO DE VIGO

##### *ANUNCIO da oferta de emprego público 2014.*

Con data do 30 de decembro de 2014, a Xunta de Goberno local, en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2014, integrada polas seguintes 34 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (16 prazas, catro delas pola quenda libre).

Nº de vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda de acceso
7	Administrativo/a Administración xeral	C1	Admón. xeral	Administrativa	-----	Promoc. interna
2	Auxiliar Administración xeral	C2	Admón. xeral	Auxiliar	-----	Promoc. interna
1	Alguacil-notificador/a	E	Admón. especial	Servizos especiais	Funcións especiais	Promoc. interna
1	Sarxento extinción incendios	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Promoc. interna
1	Cabo extinción incendios	C2	Admón. especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Promoc. interna
4	Bombeiro/a	C2	Admón. especial	Servizos especiais	Extinción incendios	Libre

b) Persoal laboral: 18 prazas (15 delas de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación e 3 de axudante de oficios do grupo transitorio E), pola quenda de promoción interna.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público<sup>(1)</sup>, resérvase un total de 2 prazas (7 % das 4 prazas ofertadas pola quenda libre e das 30 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade:

– Unha praza de administrativo/a de Administración xeral, da quenda de promoción interna.

– Unha praza de auxiliar de Administración xeral, da quenda de promoción interna».



<sup>(1)</sup>As mencións á Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, deben entenderse referidas ao Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Vigo, 10 de decembro de 2015

(Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno local do 19.6.2015)

Javier Pardo Espiñeira

Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal

